

Pre-estrea en A Coruña do documental sobre sinistralidade viaria DOUS DE VINTETANTOS

A rolda de prensa terá lugar o vindeiro luns día 28 de decembro ás 12:00h. na Fundación Paideia. Ás 19:00h. no mesmo lugar proxectarase o traballo completo coa presenza de colaboradores e medios de comunicación.

DOUS DE VINTETANTOS é un documental en primeira persoa que nos aproxima a unha realidade de difícil solución: a violencia viaria. A través do seguimento dos casos máis duros da recente historia negra da sinistralidade viaria en Galicia, achegámonos á dor das familias pola morte dos seus, e á inxustiza que rodea esta enorme lacra social.

O traballo, froito dunha coprodución entre TVG e Manuel Domingo Mayo Ramos realizado co apoio da Consellería de Cultura e Turismo, parte da experiencia persoal do director, e profunda nalgúns casos tristemente de actualidade: o sinistro acontecido na rúa Jenaro de la Fuente en Vigo, onde perderon a vida Manuel García e Dolores Iglesias, o falecemento da nena Irene Fernández en Ames, a ola de atropelos en Vilagarcía de Arousa, ou as secuelas que cambiaron a vida de Javier Mouriño tralo seu accidente.

Unha obsesión guía estes dous anos de traballo documental: poñer rostro e nome ás vítimas para evitar que se convertan nun número dunha estatística negra, e que pasen a ser outra vez **DOUS DE VINTETANTOS**.

En palabras do director Manu Mayo:

“O vintecinco de decembro de 2007 cambiou a miña vida e a miña forma de entender a mobilidade. Ese día na A-6, á altura de Begonte, por unha obra mal sinalizada, miña muller embarazada e máis eu, case temos unha saída de vía. Isto podería ser unha anécdota persoal sen máis significado se non fose porque en Begonte morreron meus pais, nun sinistro de tráfico, cando eu tiña 17 anos.

Ao día seguinte vimos na prensa a foto que adxuntamos: Julia Vázquez Pajón e Carlos Manuel Prado Vázquez pasaron por aquela obra aproximadamente á mesma hora que nós, pero en dirección contraria. Esa foi a orixe dun traballo documental en primeira persoa sobre a sinistralidade viaria en Galicia, que agora presentamos en exclusiva aos medios de comunicación e ás familias.”

Na rolda de presentación, que se celebrará ás 12.00 h. na Fundación Paideia (Praza de M^a Pita, nº 17, 15001, A Coruña) estará presente o director e produtor executivo Manu Mayo, a vicepresidenta de Stop Accidentes Jeanne Picard, e José Alberto Fernández, pai da nena Irene Fernández. No acto debatiránse algúns temas de actualidade vencellados aos accidentes como poden ser ás últimas sentencias por delitos vencellados co tráfico, e proxectarase unha pequena mostra da produción (*).

O pase do documental completo terá lugar ese mesmo luns día 28 ás 19:00 h. na Fundación Paideia e á súa presentación poderán asistir tanto os colaboradores como os medios de comunicación.

(*) Na rolda de prensa ofreceráse material gravado do documental aos medios que así o requiran.

Contacto:

Mónica Mejías
Xefa de Producción
"DOUS DE VINTETANTOS"
(+34) 635 214 296
(+34) 606 955 797
momega@gmail.com